

Nº Expediente: 2018/C004/000005

VALORACION DE CRITERIOS BASEADOS EN XUIZO DE VALOR

Reunidos na sede do Consorcio “A Mariñas”, o venres 14 de xuño de 2019, ás 10:00 horas, convócase a Mesa de Contratación para a valoración de criterios baseados en xuízos de valor do contrato de **“CONTRATACIÓN DE GABINETE DE PRENSA NO CONSORCIO AS MARIÑAS” (EXPEDIENTE 2018_C004_000005)**, formada por:

- D. José Antonio Santiso Miramontes, Presidente do Consorcio “As Mariñas”, que actúa en calidade de Presidente da Mesa
- D. Miguel Ángel Sandar Picado, Xerente do Consorcio “As Mariñas”, que actúa como vogal
- D. Adrián J. Márquez Caramés Secretario do Consorcio “As Mariñas”, que actúa como vogal.
- D. Francisco Javier Ulloa Arias, Interventor do Consorcio “As Mariñas”.
- D^a Inés Peleteiro López, coordinadora do departamento de Medioambiente Consorcio “As Mariñas”, que actúa como Secretaria suplente da Mesa.

Unha vez remitida a información polo equipo técnico, este valora as proposicións técnicas conforme os criterios do PCAP do seguinte xeito:

1. “ANTECEDENTES

No seguinte informe recóllese a análise das propostas técnicas das empresas [Ártabra Comunicación SL](#), [Aporta Comunicación Ambiental SLU](#), [Taller de Técnicas Creativas SLU](#), [Strategy and Analytics Estancia C3](#) (en adiante [Cecubo](#)), [Comparte Márketing Social](#) e [Dos Espacios Internet Consulting SL](#) e a súa conformidade cos Pregos que rexen a contratación dun gabinete de prensa no Consorcio As Mariñas.

A continuación analízanse un por un os aspectos recollidos nos pregos e a súa adaptación feita por cada empresa.

2. CONTIDOS VALORADOS

2.1 DESCRIPCIÓN DOS TRABALLOS A REALIZAR

O prego de contratación recolle unha relación de traballos a realizar. As empresas [Ártabra Comunicación SL](#), [Aporta Comunicación Ambiental SLU](#), [Cecubo](#) e [Dos Espacios Internet Consulting SL](#) reflicten nas súas propostas todos os traballos esixidos profundizando na descrición das labores a desempeñar e os obxectivos a acadar. Destacar pola súa claridade exposición as presentadas por [Ártabra Comunicación SL](#) e [Aporta Comunicación Ambiental SLU](#). No caso de [Comparte Márketing Social](#) esta descrición relaciona os traballos e describe cinco fitos o que deixa un desenvolvemento superficial do proxecto. No caso de [Taller de](#)

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Técnicas Creativas describe obxectivos de comunicación e plan de traballo por áreas algunhas das cales non son competencia xa do Consorcio As Mariñas (Axenda 21, Plan de Dinamización Turística ou Cultura) sen profundizar no contido dos traballos.

2.2. PROGRAMACIÓN TEMPORAL

Os licitadores **Aporta Comunicación Ambiental SLU**, **Cecubo e Dos Espacios Consulting SL** presentan unha programación temporal das tarefas relacionadas coa contratación indicando prazos de execución mediante un cronograma. **Ártabra Comunicación SL** especifica as fases de asesoramento mentres que **Taller de técnicas creativas** non presenta cronograma de traballo baseándose nunha metodoloxía de traballo fluída e **Comparte Márketing Social** non presenta cronograma de traballo só define unha estimación temporal en 5 fitos.

2.3 EXPERIENCIA E HISTORIAL PROFESIONAL

As licitadoras **Ártabra Comunicación SL**, **Aporta Comunicación Ambiental SLU**, **Cecubo e Dos Espacios Internet Consulting SL** relacionan persoal asignado ao proxecto, acompañado de historial e experiencia, con definición da persoa responsable que se encargará da interlocución co Consorcio As Mariñas. No caso de **Taller de técnicas creativas** non se designa responsable de proxecto e no caso de **Comparte Márketing Social** non acompaña nin experiencia nin historial profesional das tres persoas asignadas ao proxecto.

2.4 EXPERIENCIA EN ADMINISTRACIÓN LOCAL

Ártabra Comunicación SL expón claramente a súa experiencia na administración local. No resto das licitadoras aparecen referencias puntuais ou ben non especifican funcións similares como é no caso de **Cecubo e Comparte Márketing Social** ou ben fan mención a funcións non concretadas en algún dos perfís profesionais presentados como é no caso de **Dos Espacios Internet Consulting SL**.

2.5 SEGUIMIENTO DO PROXECTO

Para o seguimento do proxecto as licitadoras propoñen a articulación de sistemas de coordinación co Consorcio As Mariñas que permitan unha transmisión de información fluída. Sorprende que a licitadora, **Aporta Comunicación Ambiental SLU** presente como melloras a asistencia a reunións ou á reunión de arranque ou a unha reunión de seguimento bimestral. As propostas de **Taller de técnicas creativas** e **Comparte Márketing Social** son as mais escasas en canto a proporcionar informes e documentación a entregar.

2.6 MEDIOS MATERIAIS

Tódalas licitadoras relacionan medios materiais considerados como suficientes para o desenvolvemento do seu traballo agás **Cecubo e Comparte Márketing Social** que non os especifican.

2.7 MELLORAS

As licitadoras **Ártabra Comunicación SL** e **Aporta Comunicación Ambiental SLU** presentan as melloras que propoñen valoradas.

No caso de [Aporta Comunicación Ambiental SLU](#) as reunións, o calendario editorial e os protocolos para compartir información enténdese como parte fundamental do traballo e non poden ser considerados melloras, os contidos multimedia son parte do prego e o correo electrónico específico non parece aportar nada ao proxecto, valorándose exclusivamente o asesoramento en comunicación interna.

No caso de [Taller de técnicas creativas](#) a actualización da identidade corporativa do Consorcio As Mariñas considérase ao marxe das tarefas do gabinete de prensa, non entrando a avaliala.

No caso [Comparte Márketing Social](#) enténdese que as propostas que realiza como mellora son parte do seguimento dos traballos.

3. VALORACIÓN E CONCLUSIONS

A continuación recóllese as valoracións de cada un dos criterios do Prego a considerar.

CONTRATACIÓN DUN GABINETE DE PRENSA NO CONSORCIO AS MARIÑAS (40 puntos)							
		SLÁrtabra Comunicación	Ambiental SLUAporta Comunicación	Taller de Técnicas Creativas SLU	Strategy and Analytics Estancia C3	Comparte Márketing Social	Dos Espacios Internet Consulting SL
TRABALLOS A REALIZAR 12 puntos	Valórase a descrición dos traballos a realizar e a metodoloxía empregada	12	12	6	10	6	10
PROGRAMACIÓN TEMPORAL 5 puntos	Valórase a programación temporal das tarefas relacionadas coa contratación indicadas con prazo de execución	3,5	5	2	5	2	5
EXPERIENCIA E HISTORIAL PROFESIONAL 5 puntos	Valórase o equipo de traballo e funcións do mesmo	5	5	3,5	5	1	5
EXPERIENCIA EN ADMINISTRACIÓN LOCAL 5 puntos	Valórase ter realizado as funcións esixidas no ámbito da administración local	5	3,5	1	0	0	1
SEGUIMIENTO DO PROXECTO 5 puntos	Valórase a remisión de informes periódicos e documentación a entregar	5	3	1	5	1	5
MEDIOS MATERIAIS 3 puntos	Valórase os medios materiais asignados	3	3	3	0	0	3
MELLORAS 5 puntos	Valóranse as melloras ao prego presentadas	3	1	2	0	0	2

	TOTAL	36,5	32,5	18,5	25	10	31
--	--------------	-------------	-------------	-------------	-----------	-----------	-----------

Polo tanto, todo o exposto é o que debo informar ao respecto.”

O Presidente da por terminada a reunión ás 10:15 horas.

E para que quede constancia do tratado, eu, a Secretaria suplente, redacto Acta que someto á sinatura do Presidente.

Dña. INES PELETEIRO LÓPEZ
SECRETARIO/A

D JOSE ANTONIO SANTISO MIRAMONTES
PRESIDENTE/A